

ORDENANZA Nº 53

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DAS TAXAS DOS SERVIZOS QUE PRESTA “VIGOZOO” (“VigoNature” a partir do Acordo Xunta de Goberno Local 14.11.25)

ARTIGO 1. FEITO IMPOÑIBLE.

Constituirá o feito impoñible destas taxas os servizos que presta “VIGO-ZOO”.

ARTIGO 2. SUXEITOS PASIVOS.

Serán suxeitos pasivos, obrigados ao pagamento das taxas reguladoras na presente Ordenanza os visitantes do Zoo de Vigo, os pais, nais, titores, titoras ou representantes legais en caso de menores.

ARTIGO 3. EXENCIÓNS E BONIFICACIÓNS.

1. Estarán exentas de pagamento das taxas reguladas na presente Ordenanza fiscal:

a) As persoas menores de 3 anos.

Deberán ir acompañadas dos seus pais, nais, titores, titoras ou outras persoas responsables, e acreditar a súa idade exhibindo o seu D.N.I., libro de familia ou partida de nacemento.

b) As visitas escolares programadas de colexios que imparten ensino regrado radicados no termo Municipal de Vigo; así mesmo, colexios radicados noutros termos Municipais nos que os seus Concellos colaboren na financiación do “Servizo VigoZoo”.

A estes efectos considérase visita programada a que estea concertada a través do Departamento de Educación de VigoZoo.

c) Estarán exentas das taxas reguladas na presente ordenanza, as persoas membros de familias con ingresos brutos anuais per capita inferiores a 4.500 €. A titularidade de Bens Inmóbiles de Natureza Urbana, a excepción da vivenda na que residen, non deberá superar un valor catastral total de 52.054 €.

Para o desfrute desta exención dítase resolución da Concellería de Economía e Facenda establecendo o procedemento así como a documentación necesaria que acredite o cumprimento da condición anterior.

d) As visitas organizadas de persoal científico ou investigador para traballos propios da súa actividade profesional.

Deberán acreditar a súa condición con certificado expedido polo Organismo ou Centro en que desenvolvan os seus traballos.

e) As persoas guías turísticas, profesorado e monitores/as de grupos organizados (máximo 1 por cada 5 participantes)

f) Asociacións locais sen ánimo de lucro que, contando con autorización previa da Concellería de Medio Ambiente e Vida Saudable, persigan fins benéfico-sociais e estean debidamente inscritas no Rexistro.

g) As persoas monitores/as de persoas con diversidade funcional.

2. BONIFICACIÓNS:

a) Gozarán dunha bonificación do 50% na taxa as familias numerosas de categoría especial. Deberá acreditarse segundo o establecido na Lei 40/2003.

b) Gozarán dunha bonificación do 25 % na taxa os seguintes colectivos e persoas:

b.1.- Familias numerosas de categoría xeral. Deberá acreditarse segundo o establecido na Lei 40/2003

b.2.- As visitas de grupos organizados. Considerarase como grupo organizado aquel que teña previa reserva organizada e programada polo Departamento de Educación de VigoZoo, debendo contar cun mínimo de 20 persoas. A bonificación aplicarase a cada compoñente en función da súa idade.

b.3.- O alumnado universitario que deberá acreditalo con carne ao efecto.

c) Agás ao disposto nos apartados anteriores así como en normas con rango de Lei ou Tratados internacionais, non se admitirán exencións ou bonificacións algunha nas taxas obxecto desta Ordenanza.

ARTIGO 4. COTAS.

As cotas tributarias relativas as taxas reguladas nesta Ordenanza determinaranse con arranxo ás seguintes tarifas:

Por cada visitante no que non concorran as circunstancias do artigo 3º) para a exención:

1. Tarifa xeral de entrada:

a) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, persoas xubiladas e pensionistas sen dereito a exención (laborais).....2,70 €
No caso de menores deberán ir acompañados/as dunha persoa adulta.

b) De 3 a 16 anos ámbolos dous inclusive, persoas xubiladas e pensionistas sen dereito a exención (sábados tarde, domingos e festivos)3,35 €
No caso de menores deberán ir acompañados/as dunha persoa adulta.

c) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive (laborais).....5,45 €

d) De 17 a 64 anos ámbolos dous inclusive (sábados tarde, domingos e festivos).....6,50 €

e) Abono anual persoal e intransferible:

- Bono familiar (familias de hasta 5 membros e cuxos fillos/as non superen os 18 anos).....32,40 €
- Bono individual.....19,40 €

f) Visitas escolares organizadas non exentas, por cada visitante:..2,15 €

g) Grupos organizados persoas adultas:.....4,25 €

2. Tarifa reducida:

Por cada persoa:.....1,80 €

Aplicarase aos seguintes colectivos e persoas:

a) Persoas con carné xove.

b) Persoas con diversidade funcional.

c) Persoas con tarxetas turísticas ou promocionais expedidas polo Concello de Vigo.

3. Cota de utilización do Auditorio por día:

a) Menos de 4 horas77,95 €

b) Por cada xornada233,90 €

ARTIGO 5. DEVENGO E INGRESO.

As taxas reguladas na presente Ordenanza devengaranse e ingresaranse no momento do acceso ás instalacións do Parque Zoolóxico de Vigo, agás nos seguintes casos:

a) Visitas de grupos organizados, nas que o ingreso farase en calquera Entidade Bancaria na que teña conta aberta o Concello de Vigo. A copia que deberá achegarse á solicitude de visitas, na que figura o número de participantes, deberá remitirse a VigoZoo cunha antelación de dous días como mínimo á data na que se produzan.

b) Os colexios utilizarán o procedemento de ingreso antes sinalado, sen prexuízo de que a súa visita deba anunciarse cunha semana de antelación como mínimo, aínda que estean exentos de pago.

c) As correspondentes ao apartado 3) do artigo 4 anterior aboaranse na forma na que se indique no acordo no que se autorizan.

ARTIGO 6. INFRACCIÓNS E SANCIÓN S.

No relativo ás infraccións tributarias desta Ordenanza así como a súa cualificación e sancións, estarase ao disposto na Ordenanza Fiscal Xeral, Lei Xeral Tributaria e restante normativa de aplicación.

DISPOSICIÓN S FINAIS.

1ª. No non previsto na presente Ordenanza Fiscal será de aplicación a Ordenanza Fiscal Xeral, Lei 58/2003 Xeral Tributaria, e restante normativa de aplicación.

2ª. Esta modificación entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no BOP e comenza rá a aplicarse o 1 de xaneiro de 2024 permanecendo vixente en tanto non se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

PUBLICACIÓN S B.O.P.:	30 DE NOVIEMBRE DE 2001
	26 DE DICIEMBRE DE 2002
	30 DE DICIEMBRE DE 2003
	29 DE NOVIEMBRE DE 2004
	7 DE DICIEMBRE DE 2005
	30 DE DICIEMBRE DE 2006
	10 DE DICIEMBRE DE 2007
	10 DE DICIEMBRE DE 2008
	14 DE DICIEMBRE DE 2010

22 DE NOVIEMBRE DE 2011
21 DE DICIEMBRE DE 2012
30 DE OCTUBRO DE 2014
7 DE DICIEMBRE DE 2017
12 DE NOVIEMBRE DE 2019
4 DE DICIEMBRE DE 2023

